



Xoán Ramón Alvite

Colaborador de *La Voz de Galicia*, especialista en ganadería

► EMPECEI A PENSAR QUEN NESTE NEGOCIO [...] LEVARÍA O PAPEL DE BO, O DE FEO E O DE MALO, UN ASUNTO QUE, AO CONTRARIO DO QUE PUIDESE PARECER, NON RESULTA PARA NADA SINXELO

O bo, o feo e o malo

Stanley Kubrick dixo unha vez que se algo pode ser escrito ou pensado, tamén pode ser filmado. E non lle faltaba razón ao afamado director de películas tan aclamadas como *2001: unha odisea no espazo* ou *A chaqueta metálica*. De feito, en non poucas ocasións, a realidade aseméllase tanto ao que sae no celuloide que resulta imposible resistir a tentación de non atopar paralelismos entre o real e o cinematográfico.

Pasoume hai uns días vendo un deses clásicos do cinema do oeste: *O bo, o feo e o malo*, e pensando no moito que, salvando as lóxicas distancias, se parece a súa trama á realidade do sector lácteo. Sen ánimo de querer destriparlles totalmente a película –se poden, véxana porque merece a pena–, direilles que vai de tres particulares pistoleiros que durante a Guerra de Secesión americana se lanzan á procura desesperada dun cofre cargado de moedas de ouro roubadas ao exército sudista. O retorcido do asunto está en que, aínda sendo persoas profundamente egoístas e carentes de escrúpulos, se necesitan entre si para atopalo, pois todos dispoñen de información útil para coñecer onde se agocha o botín.

Con estas, veume á cabeza que no lácteo sucede algo parecido: tamén ten tres protagonistas principais –produtores, industria e distribución– e o feito de que todos, igualmente, buscan o seu particular tesouro: gañar diñeiro coa súa actividade ou, dito doutra maneira, arrimar a ascua da cadea de valor do leite á súa sardiña. Aínda por riba, tal e como sucede na película, tamén se necesitan os uns aos outros para alcanzar ese beneficio común.

E como non podía ser doutra maneira, empecei a pensar quen, neste negocio, durante o ano que acaba

de rematar, levaría o papel de bo, o de feo e o de malo, un asunto que, ao contrario do que puidese parecer, non resulta para nada sinxelo.

O bo

Tal e como lle di o Louro [*Blondie* na orixinal], o bo, ao feo (Tuco) na película: “O mundo divídese en dúas categorías de persoas: os que cavan e os que apuntan coa arma. Como a pistola a teño eu, xa podes ir agarrando a pa”. Así que parece evidente que no mundo real os gandeiros teñen a pa –polo menos levan moitos anos cavando– e as industrias teñen a pistola, aínda que, se lles preguntadas a estas últimas, o revólver parece estar, en realidade, sobre a mesa da distribución.

Evidentemente, a lóxica obriga a atribuírlles o papel de bos aos produtores, aínda que a súa actitude, ás veces, encaixe mellor no papel de feos. Porque, no fondo, fixeron algo verdadeiramente potente para que a súa situación mellore? Hai unión no sector? Tan difícil é establecer cales son os seus custos reais de produción? De verdade alguén pensa que o da folga de entregas era unha boa idea?

O feo

A distribución é a fea desta película láctea. Repróchacheselles, entre outras lindezas, impor a súa posición de dominio para que a cadea de valor do leite se forme de arriba cara abaixo e non ao revés, a utilización do leite como produto reclamo –cada vez menos, todo hai que dicilo– e, ultimamente, o quedar coa subida que experimentaron os lácteos nos lineais.

Con todo, tamén hai excepcións destacadas. É o caso, por exemplo, de Mercadona –aínda que algún sindicato, incomprendiblemente, apos-

▶ RESULTA IMPOSIBLE NON ATRIBUÍRLLES O PAPEL DE MALO AOS QUE, EN CONTRA DA EVOLUCIÓN DAS COTIZACIÓNS DOS PRODUTOS LÁCTEOS INDUSTRIAIS OU DOS PREZOS NO RESTO DO CONTINENTE, OPTARON POR POÑERSE DE LADO ANTE UNHA REALIDADE QUE DEIXA A MAIORÍA DE GRANXAS AOS PÉS DOS CABALOS

tou por manifestarse ás súas portas– que xa desde agosto, cando a OPL do Sur iniciou as primeiras mobilizacións, anunciou subidas de tres céntimos –nos meses seguintes foron máis– e a desaparición dos cartóns de leite a menos de 60 céntimos. Foi o punto de partida para que o resto do sector da distribución alimentaria fixese o propio.

Está moi feo, con todo, que só unha mínima parte destas subidas acaben nos petos dos gandeiros, que ben poderían facer súa aquela afirmación nocturna de Tuco cando, en pleno deserto, se dispuña a compartir soño cun dos seus socios pistoleiros: “Durmo tranquilo porque o meu peor inimigo vela por min”.

O malo

No wéstern dirixido por Sergio Leone –por certo, a maioría rodouse en Burgos–, o malo chámase Sentenza [*Angel Eyes* na orixinal] e na realidade que nos ocupa este papel lévano Lactalis, Central Lechera Asturiana (e a súa filial galega Larsa), Leche Celta e, en xeral, todas aquelas industrias que non aplicaron subidas ao leite ou, se o fixeron, foron mínimas. “Cando teñas que disparar, dispara; non fales”, que lle aconsellaba o Louro a un dos seus colegas.

Resulta imposible non atribuírlles o papel de malo aos que, en contra da evolución das cotizacións dos produtos lácteos industriais ou dos prezos no resto do continente, optaron por poñerse de lado ante unha realidade que deixa a maioría de granxas aos pés dos cabalos. Xusto é dicir tamén que outras –as cooperativas Covap e CLUN ou Entrepinares foron un exemplo– entenderon a situación e aprobaron subidas de forma inmediata.

E como a maioría dos malos adoitan ter cómplices, tamén hai que acordarse da Administración, cuxa

pasividade é dobremente grave porque, en teoría, debería desempeñar o papel de shériff nesta película. De nada serven vinte modificacións do Paquete Lácteo ou unha ambiciosa normativa sobre a cadea alimentaria, onde se inclúen aspectos vitais para o sector como a prohibición da venda a perdas e, por tanto, a firma de contratos por baixo dos custos, se non se vela rigorosamente polo seu cumprimento.

En fin, que non lles conto como acaba a película por aquilo de non facerlles *spoilers*, que din agora os modernos, e para que se animen a vela e tamén a escoitala, porque a banda sonora é do grande Ennio Morricone.

Tampouco me atrevo a prognosticar cal pode ser a evolución, neste recentemente estreado 2022, do universo lácteo que nos ocupa e preocupa a todos os que lemos *Vaca Pinta*. O único que espero é que os bos, os feos e os malos, sexan os que sexan que ocupen cada papel, teñan sentido da responsabilidade e acaben entendéndose. Pode parecer moi inxenuo, pero sempre me gustaron máis as películas con final feliz. ■